

M<sup>a</sup> DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

**CERTIFICA:**

Que a Comisión Executiva da Mancomunidade, en sesión de 17 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

**“3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO/VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NOS CONCELLOS DE CAMBADOS E VILANOVA DE AROUSA, PERTENCENTES Á MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (PONTEVEDRA).**

A Secretaria dá lectura á seguinte proposta da Presidencia:

*“\*\*\*Adoptado acordo pola Comisión executiva da Mancomunidade de Salnés en sesión de 06.02.2020, de renuncia á adxudicación do contrato de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) fracción resto, recollidas selectivas e transporte a planta de transferencia, Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa.*

*\*\*\*Visto o recurso especial en materia de contratación, plantexado ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) pola mercantil “VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.” contra o dito acordo da Comisión executiva da Mancomunidade de Salnés de 06.02.2020, de renuncia á adxudicación do contrato de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU); e visto o informe do órgano de contratación emitido fronte ao dito recurso.*

*\*\*\*Vista a resolución do TACGAL ao recurso plantexado por “VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES,S.A.”, na que se resolve: estimar parcialmente o recurso interposto contra o acordo de 06.02.2020 de renuncia da adxudicación do contrato de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU).*

*\*\*\*Visto o expediente de contratación aprobado pola Xunta da Mancomunidade do Salnés en sesión de 12-04-2018, tramitado mediante procedemento aberto/ varios criterios de adxudicación, para a prestación do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos nos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa.*

*\*\*\*Visto o acordo adoptado pola Comisión executiva da Mancomunidade en sesión de 15-11-2018, sobre aceptación de propostas da Mesa de contratación e proposta de adxudicación a favor de “VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES,S.A.” que di:*

**“VISTA A ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN SOBRE PROPOSTA DE EXCLUSIÓN DE OFERTAS E CLASIFICACIÓN DE PROPOSICIÓNS, DE DATA 18 DE OUTUBRO DE 2018, QUE DI O SEGUINTE:**

*“\* Nas oficinas Da Mancomunidade, edificio Exposalnés, o día 18 de outubro de 2018 ás 13 horas, reúnese a mesa de contratación para a adxudicación do servizo mancomunado de recollida de residuos sólidos urbanos dos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa, cun presuposto base de licitación anual de 717.711,89€ y 71.771,19€ en concepto de IVA (10%). Total anual con IVA 789.483,08€.*

*\*A Mesa está integrada por:*



-A empresa FCC-SOGESEL: contén o erro de establecer un 6% en concepto de gastos xerais e un 4% en concepto de beneficio industrial, mentras que tanto a cláusula 5.9.3.c) do Prego de Condicións Administrativas Particulares, e a cláusula 18.3.1 e Anexo I (modelo proposición económica) do Prego de Prescripcións Técnicas, determinan un 4% en concepto de gastos xerais e un 6% en concepto de beneficio industrial.

-A empresa ASCAN: contén o erro de establecer un 3% en concepto de gastos xerais, mentras que tanto a cláusula 5.9.3.c) do Prego de Condicións Administrativas Particulares e a cláusula 18.3.1 máis Anexo I (modelo proposición económica) do Prego de Prescripcións Técnicas, determinan un 4% en concepto de gastos xerais.

**\*VII:** Visto o informe técnico requerido á empresa consultora "Into Galicia Consulting SL" sobre os erros detectados nas propostas das empresas FCC-SOGESEL e ASCAN, e á valoración das propostas contidas no sobre "C", que propón á Mesa de Contratación a exclusión dos licitadores: FCC-SOGESEL e ASCAN.

**\*VIII:** Visto que as propostas das empresas FCC-SOGESEL e ASCAN, non se axustan ao establecido na cláusula 5.9.3.c) do Prego de Condicións Administrativas Particulares, e cláusula 18.3.1 máis Anexo I do Prego de Prescripcións Técnicas.

**\*IX:** Vista a puntuación correspondente ás propostas contidas nos sobres "B" e "C": que dá constancia do seguinte:

A MESA DE CONTRATACIÓN, POR UNANIMIDADE, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Propoñer ao órgano de contratación a exclusión das propostas formuladas polas empresas:

- **FCC MEDIO AMBIENTE, S.A- SOGESEL:** por establecer un 4% en concepto de gastos xerais e un 6% en concepto de beneficio industrial, mentras que tanto a cláusula 5.9.3.c) do Prego de Condicións Administrativas Particulares e a cláusula 18.3.1 e o Anexo I (modelo proposición económica) do Prego de Prescripcións Técnicas, determinan un 6% en concepto de gastos xerais e un 4% en concepto de beneficio industrial.

- **ASCAM EMPRESA CONSTRUCTORA Y DE GESTIÓN, S.A:** por establecer un 3% en concepto de gastos xerais, mentras que tanto a cláusula 5.9.3.c) do Prego de Condicións Administrativas Particulares, a cláusula 18.3.1 e Anexo I (modelo proposición económica) do Prego de Prescripcións Técnicas, determinan un 6% en concepto de gastos xerais.

**SEGUNDO.-** Outorgar as seguintes puntuacións, de acordo co informe técnico de valoración das propostas económicas contidas no sobre "c" elaborado por "Into Galicia Consulting SL":

EMPRESA	PROPOSICIÓN ECONÓMICA (45 puntos)	CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN (4 puntos)	RECOLLIDA DE FRACCIÓN ORGÁNICA	TOTAL PUNTUACIÓN
VALORIZA	44,12	1,91	2,00	48,03
URBASER	45,00	4,00	2,00	51,00

**TERCEIRO.-** Outorgar as seguintes puntuacións globais, de acordo coas valoracións asinadas ás propostas contidas nos sobres "B" e "C", das empresas:

EMPRESA	PROPOSTA SOBRE B	PROPOSTA SOBRE C	TOTAL PUNTUACIÓN
VALORIZA	46,75	48,03	94,78

CUARTO.- *Requerir á empresa VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. para que presente a documentación prevista na cláusula 5.12.2 do Prego de condicións administrativas particulares.*

\*\*\*Visto-los informes técnicos elaborados por "Into Galicia Consulting SL" obrantes no expediente.

\*\*\*Vista a documentación aportada por "VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES,S.A.", en virtude de requerimento efectuado.

**ESTA PRESIDENCIA PROPÓN Á COMISIÓN EXECUTIVA DA MANCOMUNIDADE, A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Executar a Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), e por tanto, deixar sen efecto o acordo da Comisión executiva da Mancomunidad de Salnés de 06.02.2020, de renuncia á adxudicación do contrato.

**SEGUNDO.-** Adxudicar o contrato de prestación do servizo público de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) fracción resto, recollidas selectivas e transporte a planta de transferencia, Concellos de Cambados e Vilanova de Arousa á: "VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES,S.A.", de acordo coa proposta técnica ofertada e por estes importes:

EMPRESA	PREZO ANUAL ADXUDICACIÓN con IVE	DOTACIÓN CAMPAÑA ANUAL DE CONCIENCIACIÓN con IVE	VALORACIÓN FUTURA RECOLLIDA DE FRACCIÓN ORGÁNICA con IVE (bioresiduo)
VALORIZA	788.716,20 €	19.360,00 €	38.734,30 €

A Comisión executiva, por maioría, con 2 votos a favor (Das Sras Abal Rodríguez e Giráldez Barral) e catro abstencións (dos Sres. Martín González, Castro Mougán, Iglesias Cores e Vieitez Fernández), acorda aprobar a proposta da Presidencia de adxudicación do contrato."

E para que conste e aos efectos oportunos, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Sra. Presidenta, e á reserva dos términos de aprobación da acta, en Cambados, a 24 de setembro de 2020.

A Secretaria



Asdo: Mª del Carmen Merino Moína

Visto e praxe da Presidenta



Asdo: Marta Giráldez Barral